

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 21 de xuño de 2012, aprobou provisionalmente a creación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 12.07.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

**ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS****I N D I C E***EXPOSICION DE MOTIVOS
CAPITULO I. DISPOSICIONS XERAIS*

- . Obxecto. Artigo 1º
- . Ambito de aplicación. Artigo 2º
- . Natureza, definición e obxectivos do servizo. Artigo 3º
- . Dereitos das persoas usuarias. Artigo 4º
- . Deberes das persoas usuarias. Artigo 5º
- . Persoas destinatarias. Artigo 6º

CAPITULO II. CONTIDO DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- . Requisitos dos beneficiarios. Artigo 7º
- . Contido do servizo. Artigo 8º

CAPITULO III. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- . Medios humanos. Artigo 9º
- . Tempo de atención. Artigo 10º
- . Formas de prestación do servizo. Artigo 11º
- . Modalidades de acceso ao servizo. Artigo 12º
- . Desenvolvemento do servizo. Artigo 13º

CAPITULO IV. INICIO E FINAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- . Normas xerais de procedemento. Artigo 14º
- . Tramitación. Artigo 15º
- . Causas de extinción e modificación do servizo. Artigo 16º

CAPITULO V. CUSTO E FINANCIAMENTO DO SERVIZO

- . Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.
Artigo 17º
- . Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención reconecido, usuarias do servizo de axuda no fogar. Artigo 18º

. Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar Básica. Artigo 19º

. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento destes servizos. Artigo 20º

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICION DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ORDENANZA REGULADORA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no artigo 25.2.K, que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar. Garantindo como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades. No artigo 11º.f, establece a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e trala entrada en vigor da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia, así como a Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, esixe a configuración dunha nova Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda No Fogar do Concello de Ponte Caldelas, garantindo así unha calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención establecidos na norma, así como nos criterios de participación económica das persoas usuarias no financiamento do servizo, e unha harmonización nos criterios de xestión dos fondos que financian a atención á dependencia.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan o servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, esixe a modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda No Fogar do Concello de Ponte Caldelas, garantindo uns criterios de participación económica das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido e usuarias do servizo de axuda no fogar e, daquelas persoas usuarias de axuda no fogar en réxime de libre concorrência, sen recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006.

CAPITULO I

DISPOSICIONS XERAIS

ARTIGO 1º.—OBXECTO.

É obxecto desta orde a regulación, como servizo público, dos contidos, estrutura, tipoloxía, réxime xurídico e financiamento do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Ponte Caldelas como entidade prestadora de servizos sociais.

ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ó programa de axuda no fogar no termo municipal do concello de Ponte Caldelas.

*ARTIGO 3º.—NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO.**a) Natureza e definición:*

1.O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións, con unha perspectiva integral e normalizadora, a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

2.O servizo de axuda no fogar (SAF) poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3.Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

b) Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- 1.Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- 2.Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- 3.Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- 4.Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- 5.Prevenir situacións de dependencia ou exclusión social.
- 6.Retardar ou evitar a institucionalización.
- 7.Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social

ARTIGO 4º.—DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais, terán dereito:

- a) Terán dereito a seren tratadas con respecto debido a súa dignidade, intimidade e autonomía.
- b) A accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.
- c) A recibiren unha atención individualizada e adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- d) A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social, así como as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- e) A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- f) A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- g) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- h) A coñeceren a situación do seu expediente
- i) A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- j) A presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora dos servizos sociais comunitarios cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.
- k) Ao respecto do seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade dos servizos sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

ARTIGO 5º.—DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS:

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- b) Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- c) Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo a súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
- d) Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- e) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- f) Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- g) Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites da súas obrigas laborais.
- h) Participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establezan nesta ordenanza reguladora.
- i) A comunicar con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se presentasen no seu domicilio.

ARTIGO 6º.—PERSOAS DESTINATARIAS

1.—As familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha axeitada atención no fogar.

2.—As persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan quen os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar no seu fogar.

3.—As persoas discapacitadas ou enfermas, ás que a axuda no fogar lles poida favorecer a súa autonomía.

4.—Fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.

5.—Dar resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

6.—En xeral, aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de desatención, e de acordo coa valoración do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios xustifique a intervención do servizo.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia

CAPITULO II

CONTIDO DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ARTIGO 7º.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS:

1.—Estar empadroado ou ter residencia efectiva no concello de Ponte Caldelas.

2.—Presentar solicitude no rexistro de entrada do concello coa documentación que sexa requirida.

3.—Carecer de autonomía para a realización das actividades da vida diaria ou desatención familiar ou social (anexo I), ou ter emitida polo órgano competente da Administración ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de Dependencia, a resolución do PIA onde se determine o SAF.

ARTIGO 8º.—CONTIDO DO SERVIZO.

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais

que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fora do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervención técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fora do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención (anexo II) e no acordo de servizo (anexo III).
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

CAPITULO III: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

ARTIGO 9º .—MEDIOS HUMÁNS.

A realización das prestacións que contén co servizo de axuda no fogar realizaranse directamente a través de:

1) Traballadores/as Sociais: Profesionais que reciben a demanda, realiza o diagnóstico, seguimento e avaliación da situación presentada e desean un proxecto de intervención adecuado. Así mesmo son os coordinadores do servizo.

2) Auxiliares de axuda no fogar: Profesionais encargados de realizar as tarefas de carácter doméstico e persoal baixo as orientacións do equipo multidisciplinar do departamento de servizos sociais e o seguimento do/a traballador/a social.

As auxiliares de axuda no fogar no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de “atención sociosanitaria” ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de “servizos socioculturais e á comunidade”.

ARTIGO 10º .—TEMPO DE ATENCIÓN.

1. — As funcións, as tarefas, o tempo de atención e a periodicidade do servizo determinaranse, en cada caso, pola necesidade que presente cada unha das solicitudes e o criterio profesional dos técnicos responsables do servizo. O tempo e o horario de atención ós beneficiarios poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas situacións persoais, familiares e por necesidade da organización e dispoñibilidade do SAF.

O SAF prestarase tódolos días do ano, incluído festivos. É un servizo diúrno, sendo flexible en canto a mañás ou tardes.

O límite de horas de prestación será de 2 horas o día e 45 horas o mes.

2.—A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexibilidade e conforme co plan de cuidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, os fins de semana e festivos.

ARTIGO 11º.—FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

A prestación do servizo de axuda no fogar é competencia do Concello de Ponte Caldelas. O mesmo asumirá a titularidade do servizo, que poida xestionar de forma directa ou indirecta.

No caso de xestión indirecta, a corporación local resérvase como competencia exclusiva do SAF as seguintes funcións: planificación, programación e dirección técnica do servizo, coordinación, seguimento e control do SAF, así como a selección de beneficiarios e a aprobación de altas e baixas de usuarios do SAF.

O procedemento mediante o cal realizárase o servizo de axuda no fogar será mediante a adxudicación do servizo en calquera das formas de concertación ou contrato que posibilite a

lexislación vixente, sin que en ningún caso isto signifique establecemento de relación laboral entre o concello e os/as traballadores/as da empresa adxudicada.

ARTIGO 12º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:

1.—O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consorte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2.—Para as persoas que non teñen o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia en aplicación dun baremo público.

ARTIGO 13º.—DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO.

O desenvolvemento do SAF rexeráse por unhas normas básicas que atañan tanto ós/as traballadores/as como ás persoas usuarias do servizo.

As normas que se sinalan a continuación, entregaránselle ao usuario/a xunto co acordo do servizo, que será asinado por este/a ou representante legal.

Independentemente das normas que poidan ir implantándose no proceso de execución do servizo, por necesidade do mesmo, establécense como normas básicas as seguintes:

1. O tempo de atención en cada domicilio non superará ao establecido na resolución da concesión.

2. O tempo de atención, periodicidade e as funcións e tarefas a desenvolver, serán as establecidas na resolución do expediente de solicitude do SAF. As mesmas constarán no acorde do servizo asinado pola/o usuaria/o.

3. As actuacións da/o Auxiliar do SAF deberán axustarse ó proxecto técnico establecido. Non recibirá ordes do/a usuario/a nin de familiares, senón do Concello e/ou empresa adxudicataria do servizo. A/O auxiliar do SAF axustarase ás normas detalladas no proxecto de intervención e cando por calquera motivo a/o usuario/a queira modificar algún aspecto do mesmo, deberá informarlle que ten que solicitar

a modificación no Concello, nas dependencias dos servizos sociais, que iniciará as xestións oportunas que dean lugar, no seu caso, a modificación da prestación.

4. A/O auxiliar do SAF non traballará no domicilio da/o usuaria/o en ausencia deste, e se por calquera motivo a/o usuaria/o non se encontra no domicilio no horario de atención, a/o auxiliar non está autorizada/o a esperar, salvo o razoable e segundo usos e costumes e deberá poñer en coñecemento da traballadora social do SAF a incidencia.

5. Calquera queixa ou suxerencia da/o usuaria/o respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento da traballadora social do SAF ou da traballadora social do Concello, e non será dirimido entre a/o auxiliar do SAF e a/o usuaria/o.

6. Cando por calquera circunstancia fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar de axuda no fogar, sempre que sexa posible os cambios faranse consensuados có usuario.

7. As/os usuaria/os quedan obrigados a comunicar calquera cambio de domicilio, teléfono ou datos económico e socio-familiares aos Servizos Sociais do Concello.

8. A atención establecida no acordo do servizo e no proxecto de intervención individual non pode interferir nin limitar o dereito da/o usuaria/o á súa intimidade; en consecuencia a/o auxiliar do SAF non poderá ser acompañada por ninguén alleo ao SAF cando accede ó seu traballo, e nunca fará comentarios da/o usuaria/o que atenten aos seus dereitos.

9. A/o usuaria/o correrá cos gastos dos produtos necesarios para a limpeza, aseo, comida, desprazamento ó médico ou para a realización de xestións, etc.... Só en casos especiais os servizos sociais municipais poderán avaliar a xestión dunha axuda económica por este concepto.

10. Cando se trate de apoio no aseo persoal, a/o usuaria/o disporá do xabón, cremas, colonias, etc. que sexan de uso persoal e necesario para o seu aseo. E recibira da empresa adxudicataria do servizo as luvas de látex para uso das/os auxiliares domésticas/os do SAF.

11. A/O auxiliar do SAF non permitirá que sexa a/o usuaria/o quen oriente o servizo, e manterá unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.

12. Ós/ás auxiliares do SAF non lles estará permitido recibir ou custodiar diñeiro, xoias nin obxecto algún do/a usuaria/o.

13. A/O auxiliar do SAF non disporá de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento da/o usuaria/o e aceptación da traballadora social responsable do SAF.

14. As/os usuarias/os absteranse de realizar comentarios sobre a vida persoal ou familiar da/o auxiliar doméstica/o do SAF.

15. As/os usuarias/os do SAF aboarán a tarifa correspondente, os cinco primeiros días de cada mes vencido, mediante domiciliación bancaria, na contía establecida na resolución, e que estará suxeita á revisión anual ou posibles modificacións do servizo en función da variación da situación económica, socio familiar e de autonomía persoal.

16. Se a/o usuaria/o comunica cunha antelación de 10 días a suspensión do servizo con carácter temporal por un período máximo de 3 meses por motivos xustificadas, poderase reservar a praza, e terá a redución correspondente. En caso contrario non se realizará desconto ningún da tarifa mensual correspondente ao número de horas concedidas. Respecto da suspensión do servizo, tarifas ou importes do copagamento, terase en conta o que determina a Ordenanza Reguladora do Prezo Público do SAF

17. As/os usuarias/os presentarán, nos servizos sociais municipais, no mes de xaneiro de cada ano a documentación requirida para os efectos de revisión e continuidade do servizo.

18. O SAF non elimina nin substitúe as actividades que a/o propia/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantarás as responsabilidades familiares.

19. A falta de colaboración da/o usuaria/o e/ou da familia/unidade de convivencia na execución das tarefas propostas, deberase valorar e emendar, mediante acordo entre o persoal coordinador do SAF, as persoas usuarias e ou familia, a fin de restablecer o bo funcionamento do servizo.

20. O/A traballador/a social responsable do SAF garantirá a supervisión do efectivamente prestado, realizada sempre que as circunstancias o fagan necesaria, e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses, do que deixará constancia en cada expediente individual. Tal supervisión revisará ou axustará, de se lo caso, as prestacións expresadas no proxecto de atención e no acordo de servizo.

21. No caso de queixa, farase constar no libro de reclamacións do programa do SAF dilixenciado pola Xunta de Galicia, remitindo á inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, unha copia das reclamacións presentadas, no prazo máximo de tres días hábiles, xunto cun informe xustificativo dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión.

CAPITULO IV INICIO E FINAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ARTIGO 14º.—NORMAS XERAIS DE PROCEDIMENTO.

O procedemento para a concesión das prestacións do servizo de axuda no fogar poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa interesada, segundo modelo establecido oficialmente:

1.—*De oficio.*

Se o procedemento iníciase de oficio, este será por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orden superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

Respecto á contabilización do prazo nos procedementos iniciados desta forma, o día de inicio será precisamente o da resolución a partir da cal acordase a incoación do procedemento de oficio.

En todo caso o procedemento axustaranse ó establecido nos artigos 68 a 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro sobre o Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.—*Por instancia da persoa interesada.*

No caso de iniciación por instancia presentada, estas deberán acompañarse en tódolos casos da seguinte documentación administrativa, como mínimo:

- Instancia, debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do DNI do/a solicitante e do seu cónxuxe ou parella de feito no seu caso.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Fotocopia do documento de cobertura de asistencia sanitaria.
- Xustificante de ingresos dos membros cuxas rendas sexan computables ou sexan economicamente dependentes, segundo o art. 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
- Declaración do IRPF ou certificado acreditativo expedido pola delegación da Axencia Tributaria correspondente.

Con independencia desta documentación o Concello poderá esixir os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estimen oportunos en relación coa prestación solicitada e, entre outros, os seguintes:

- Fotocopia de sentenza de separación ou divorcio.
- As persoas que padezan algunha minusvalía física, psíquica ou sensorial, certificado do Centro Base de Minusválidos onde se recoñeza algunha das minusvalías citadas. (A consideración de persoa discapacitada estará supeditada á prestación de dita certificación).
- Documentos que xustifiquen gastos de hipoteca ou gastos derivados por enfermidades crónicas.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello de Ponte Caldelas, sen prexuízo do previsto no artigo 38 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, debéndose ter en conta co cómputo do prazo para tramitar o procedemento producírase dende a entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

ARTIGO 15º.—TRAMITACIÓN.

Se unha solicitude non reunise tódolos datos e documentos esixidos pola presente normativa requirírase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que se así non o fixera, teráselle por desistido na súa petición, arquivándose esta sen máis trámite.

Os/as técnicos/as do Departamento de Servizos Sociais correspondente á residencia do/a destinatario/a do Servizo, á vista da documentación presentada, elaborarán informe social, realizando no seu caso visita domiciliaria se o estiman procedente, a fin de informar mellor sobre a situación de necesidade no que se atopa o interesado e a fin de determinalo contido, periodicidade e idoneidade da prestación solicitada.

O órgano municipal competente para resolver sobre a concesión ou denegación do servizo é o/a Sr/Sra Alcalde/sa, salvo delegación expresa.

A resolución estimatoria ou denegatoria que poña fin o procedemento producírase, previo trámite da audiencia o interesado.

O prazo máximo no que débese notificar a resolución expresa será de seis meses.

No caso de instancia presentada o día de inicio do computo do prazo será aquel no que a solicitude entre no Rexistro Xeral do Concello. A resolución ditada notificarase o/a interesado/a no prazo máximo de dez días, facendo constar na mesma a concesión ou denegación do servizo, ou a inclusión na lista de espera ata que sexa posible facer efectiva a prestación do servizo, así como os recursos que sexan procedentes contra dita resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

A documentación dos expedientes en lista de espera, renovarase no primeiro mes de cada ano.

A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- a) Denegación ou concesión do servizo.
- b) Condicións da concesión (duración, horario de prestación, etc.).
- c) Porcentaxe a aboar pola persoa beneficiaria como contribución polo custo do servizo.

A falta de resolución expresa nos procedementos iniciados a instancia do interesado producirá efectos positivos, polo que poderá entenderse estimada.

Ademais da resolución a que se refire o artigo anterior, porán fin o procedemento o desestimento, a renuncia, a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continualo pola aparición de causas sobrevidas.

Unha vez concedido o servizo, poderá modificarse tanto o contido da prestación como o tempo asignado, en función das variacións que se produzan na situación do/a usuario/a que motivou a concesión inicial.

As modificacións poderán producirse a petición do/a propio/a interesado/a, mediante solicitude suscrita polo mesmo ou a proposta do profesional do Departamento de

Servizos Sociais, á vista dos posibles cambios da situación que motivou a concesión. En calquera caso para a tramitación da modificación será necesaria a valoración técnica correspondente.

Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os Servizos Sociais Comunitarios do concello e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación.

Establecerase un prazo máximo dunha semana para o alta do servizo, unha vez que o usuario conste no programa de Asignación de Recursos.

Presentarase ao persoal de atención directa en base ao perfil requirido para o caso concreto.

Abrirase un expediente por cada persoa usuaria ou, se é o caso, por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:

- a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade prestadora
- b) Un proxecto de intervención, que recollerá como mínimo a información contida no anexo II.
- c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade prestadora e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo a información contida no modelo anexo III
- d) Coordinación coa empresa ou entidade adxudicataria do servizo o planteamento da estratexia a seguir, e a asignación da auxiliar do fogar mais axeitada a cada beneficiario.

Farase entrega ao usuario da copia da ordenanza de axuda no fogar, visada, entrega ao usuario e á auxiliar de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

Garantirase a supervisión do servizo prestado no domicilio das persoas usuarias, polo técnico responsable da coordinación e supervisión, sempre que as circunstancias o fagan preciso e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Para atender casos de extrema urxencia, procederase á inmediata iniciación do Servizo de Axuda no Fogar a proposta xustificada dos Servizos Sociais de Comunitarios, sen prexuízo da súa posterior tramitación de acordo co procedemento establecido o efecto.

As solicitudes valoraranse para a concesión das prestacións tendo en conta as características sociais do/a usuario/a ou da familia, así como o seu grao de autonomía.

ARTIGO 16º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

1.—Baixas definitivas:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

2.—Baixas temporais:

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de realizar o informe social polo traballador/a social, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- a) Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión.



*CAPITULO V
CUSTO E FINANCIAMENTO DO SERVIZO*

O servizo de axuda no fogar financiarase mediante achegas da administración xeral do Estado, da Xunta de Galicia, da entidade local titular do servizo e das súas persoas usuarias.

*ARTIGO 17º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA
DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.*

1.—Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.

A.—A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivientes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

B.—O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010. Do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2.—Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar Básico.

A.—Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que

se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

B.—Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder, Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

C.—A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 18º.—Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.

A. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

B. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00%
Maior co 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52 %	6,56 %	8,59 %	11,42 %	14,47 %	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41 %	7,84 %	10,28 %	13,66 %	17,31 %	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55 %	8,05 %	10,54 %	14,01 %	17,76 %	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65 %	8,19€ %	10,73 %	14,26 %	18,07 %	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72 %	8,30 %	10,87 %	14,45 %	18,31 %	22,89%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81 %	8,42 %	11,03 %	14,66 %	18,58 %	23,23%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	6,03 %	8,75 %	11,46 %	15,24 %	19,31 %	24,14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	6,24 %	9,05 %	11,86 %	15,76 %	19,97 %	24,97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	6,42 %	9,30 %	12,19 %	16,20 %	20,53 %	25,66%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	6,54 %	9,48 %	12,42 %	16,51 %	20,93 %	26,16%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	6,63 %	9,62 %	12,60 %	16,75 %	21,22 %	26,53%
Maior do 450% e menor ou igual ao 500% do IPREM	6,70 %	9,72 %	12,74 %	16,93 %	21,45 %	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76 %	9,80 %	12,84 %	17,07 %	21,63 %	27,04%

C. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

D. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

ARTIGO 19º. – PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICA.

A. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñen o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, establécese a seguinte táboa de copagamento.

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0%
Maior do 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	20%
Maior do 1,50 e menor ou igual a 2 do IPREM	30%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 do IPREM	50%
Maior de 2,5 do IPREM	90%

B. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento, nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

ARTIGO 20º.—AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DESTES SERVIZOS.

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia de Galicia, en todo caso os ingresos que recaden as corporacións locais de Galicia en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O SAF no Concello de Ponte Caldelas adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente sobre o Sistema de Autonomía e Atención a Dependencia (S.A.A.D.) de Galicia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derrogada a Ordenanza Municipal reguladora do SAF publicada no BOP do día 1 de marzo de 2010.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ós 15 días seguintes á publicación nos boletíns que correspondan, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O I

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

(modalidade de prestación básica de servizos sociais comunitarios)

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (MÁXIMO TOTAL 40 PUNTOS)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacidades	De 65% a 74% de discapacidades	75%-100%	25-39 pts BVD	81%-87%	50-64 pts BVD	88%-93%	75-89 pts BVD	94%-100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%-100% discapacidade e ata 14 pts ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 pts ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 pts ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade de + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
		75% discapacidade e ata 24 pts BVD		40-49 pts BVD		65-74 pts BVD		90-100 pts BVD	Grao de Discapacidade de + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)
				Grao I, Nivel 1		Grao I, Nivel 2		Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	PUNTUACIÓN Nivel de Autonomía persoal

Puntos

Total puntos autonomía persoal.

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

Puntos

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela (ata 12 puntos):

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)

Con incapacidade para organizarse (3 puntos)

Os familiares néganse a atendela/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)	_____
Está ben atendido (0 puntos)	_____
	<u>Puntos</u>
<i>Total puntos apoio social</i>	_____

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)	<u>Puntos</u>
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)	_____
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)	_____
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)	_____
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	_____
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)	<u>Puntos</u>
Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións aos menores (2 puntos)	_____
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)	<u>Puntos</u>
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)	_____
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)	<u>Puntos</u>
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)	_____
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)	<u>Puntos</u>
Un menor (3 puntos)	_____
Dous menores (5 puntos)	_____
Tres menores (7 puntos)	_____
Catro ou máis menores (10 puntos)	_____
	<u>Puntos</u>
<i>Total puntos situación familiar/socialización menores</i>	_____

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)	<u>Puntos</u>
Non hai luz eléctrica (1 punto)	_____
Non hai auga corrente (1 punto)	_____
Non posúe WC (1 punto)	_____
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)	_____
Non ten neveira (1 punto)	_____
Non ten quentador (1 punto)	_____
Non ten lavadora (1 punto)	_____
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)	_____
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)	_____
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)	_____



<i>4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)</i>	<u>Puntos</u>
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	_____
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	_____
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	_____
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	_____
	<u>Puntos</u>
<i>Total puntos outros aspectos sociais</i>	_____
	<u>Puntos</u>
TOTAL XERAL	_____

A N E X O I I

PLAN DE COIDADOS

1.—DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE

- NOME DA PERSOA BENEFICIARIA:
- DNI:
- ENDEREZO:
- TELEFONO DE CONTACTO:
- DATA DE INICIO DO SERVIZO:
- MODALIDADE DO SERVIZO:
- DATA DE PROXIMA REVISIÓN DO PLAN DO COIDADOS:

2.—HORARIO DO SERVIZO

	L	M	ME	X	V	S	D	Nº Horas/mes
Horas/día								
Horario								

Auxiliar ao seu servizo: _____

3.—OBXETIVOS ESPECIFICOS E TAREFAS QUE SE PROPOÑEN

- OBXETIVOS DO SERVIZO:
- _____
- _____
- Tarefas a realizar:
- _____
- _____

**4. – EXISTENCIA DE OUTROS SERVIZOS / APOIOS
PRESTADOS NO FOGAR**

Existencia:

Servizos/apoios:

Nª horas/semanais:

**5. – EMPRESA/PROFESIONAL RESPONSABLE
DO SEGUIMENTO:****EMPRESA:**

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A SOCIAL:

Nº COLEX.:

Conformidade da Traballadora Social do Concello correspondente:

.....de.....de.....

A N E X O I I I**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Acordo de Servizo

Reunidos eno día dunha parte
don/dona.....con DNI:.....E doutra, en calidade de Técnico responsable do servizo
de axuda no fogar de**ACORDAN:**1. Que o Concello de _____ /a entidade prestadora, prestará o Servizo
de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día ____ do ____ de 200__.2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará por un prazo de _____,
con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais/da
Entidade prestadora acreditada3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana _____, en horario de _____;
por un total de ____ horas semanais.4. Que atendendo á Orde do ---- de ---- que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal
municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria
comprométese a aportar o _____ % como contribución ao custo do servizo.5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto 4º, na
entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan
inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal

Atencións de carácter apoio psicosocial

Atencións de carácter doméstico

Atencións de carácter socio-educativo

Atencións de carácter técnico e complementario

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do ---- de ---- que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En a dede 200.....

A persoa usuaria

O técnico responsable

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 20 de agosto de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012008095

* * *

RODEIRO

E D I C T O

Dona MARÍA ELENA VALLADARES PÉREZ solicitou desta Alcaldía licenza municipal para **INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA**, que se situará no lugar de Lama de Mena - Negrelos - Rodeiro.

En cumprimento do disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Rodeiro, 17 de agosto de 2012.—O alcalde, Luís López Dieguez.

2012008118